



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU01020:2

SITUACIÓN: AVDA. CIDADE DE VERIA Nº 14, 1º D, 27377, COSPEITO - COSPEITO

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Lugo de data 04 de xullo de 2023 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU01020:2, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente.

A vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento. Con data 14 de maio de 2024 presentouse unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ CARBALLEIRA (núm. de credencial 109851), a que, previa comprobación dos requisitos foi declarada directamente adquirente por resolución desta dirección territorial de data 26 de febreiro de 2025, séndolle notificada a designación á interesada con data 05 de marzo de 2025, a fin de que no prazo dos dez días hábiles seguintes manifestase o seu interese na adquisición da vivenda. Transcorreu o citado prazo sen que pola mesma se manifestase interese na súa adquisición, polo que é procedente ter a mesma por non interesada na adquisición da vivenda e proceder a designar como adquirente á seguinte persoa solicitante.

Con data 08 de agosto de 2024 presentouse unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a KATIA IGLESIAS LOPEZ (núm. de credencial 113651), que, logo da oportuna comprobación, cumpre os requisitos esixidos para ser designada adquirente.

En consecuencia, o director territorial

ACORDA:

Ter por non interesada na adquisición da vivenda a dona MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ CARBALLEIRA (num. de credencial 109851).

Declarar directamente adquirente da vivenda a don/a KATIA IGLESIAS LOPEZ (núm. credencial 113651)





Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, na data da sinatura electrónica.

O director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Marco Antonio Fernández Piñeiro
(Asinado electronicamente).

